

II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012



CONCELLO DE
SANTIAGO



II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012

01

OBXECTO E PARTICIPACIÓN

PRIMEIRA. Obxecto. Con obxecto de promocionar as manifestacións de arraigamento e tradición popular típicas das celebracións do Nadal, o Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela convoca o II Concurso de Belenes Cidade de Santiago.

SEGUNDA. Categorías de Participación. Defínense dúas categorías de participación: individual e colectiva.

TERCEIRA. Participantes. Poderá participar e inscribirse na categoría individual calquera particular (enténdase, persoa física) que figure inscrito no padrón municipal. Paralelamente, poderán participar e inscribirse na categoría colectiva os colexios e todo tipo de asociacións, institucións e entidades cidadás legalmente constituídas.

II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012

02

INSCRICIÓN

CUARTA. Inscrpción. A inscrpción realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao seguinte enderezo comercio@santiagodecompostela.org, no que se farán constar os seguintes datos: nome, apelidos, endereço postal, endereço de correo electrónico, teléfono de contacto, NIF (no caso de particulares) /CIF (no caso de colectivos), categoría de participación, endereço postal no que se situará o Belén, horario público de visitas do Belén durante as festas do Nadal. Como arquivo adxunto, achegaranse as fotografías do belén presentado a concurso.

QUINTA. Prazo de inscrpción. A data tope de inscrpción é o 14 de decembro de 2012.

II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012

03

EXPOSICIÓN

SEXTA. Condición de exposición. Os participantes comprometeranse a establecer un horario de visitas para o público durante polo menos 3 días no período comprendido entre o día 22 decembro 2012 e o día 6 xaneiro 2013, ambos inclusive. Devandito horario deberá ser facilitado no formulario de inscrición. Asimesmo, o Concello exporá na páxina web municipal www.santiagodecompostela.org unha mostra de cada belén participante.

II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012

04

XURADO

SÉTIMA. Xurado. O xurado, que visualizará as fotografías remitidas polos participantes, estará composto por: Belenista de Conxo, tres representantes do Concello, e un representante do Centro Comercial Compostela. Actuará como secretaria a persoa funcionaria en quen eventualmente se delegue.

O xurado entenderase validamente constituído pola asistencia da maioria dos seus membros.

O fallo do xurado será inapelable, podendo declarar deserto todos ou cada un dos premios previstos.

O resultado do concurso farase público na páxina web do Concello de Santiago de Compostela o día 19 decembro. Terá lugar ademais unha recepción no Pazo de Raxoi en homenaxe aos premiados onde se lles fará entrega da figura "Compostrela" o día 21 de decembro pola mañá.

II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012

05

AVALIACIÓN

OITAVA. Criterios de avaliação. O xurado terá en conta para a valoración dos belenes inscritos a creatividade, orixinalidade, laboriosidade, riqueza artística, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e o esforzo pola concienciación ambiental á hora de desenvolver os proxectos. Así mesmo, avaliarase negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio dos belenes e nacementos.

Cada membro asistente outorgará a cada un dos belenes unha puntuación entre cero e dez puntos. A valoración final de cada belén obterase dividindo a suma total de puntuacións entre o número de asistentes, resultando gañador de cada categoría aquel belén que obteña unha maior puntuación global.

II CONCURSO DE BELENES

CIDADE DE SANTIAGO

2012

06

PREMIOS

NOVENA. Premios. Establécese un primeiro, segundo e tercer premio para cada unha das dúas categorías propostas (a saber: categoría individual e colectiva). Os premios consistirán nunha mención, especialmente deseñada para os distintos premios co nome de “Compostrela” e vales agasallo de compras por valor de 150 euros, 120 euros e 60 euros respectivamente segundo se trate do 1º, 2º ou 3º premio.

